

A INTEGRACIÓN DA AGRICULTURA GALEGA NA UNIÓN EUROPEA

FRANCISCO SINEIRO GARCÍA
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 14 de outubro de 2008

Aceptado: 31 de outubro de 2008

Resumo: Pásase revista aos problemas derivados da integración na Unión Europea, como son a aplicación da PAC e dos fondos estruturais e a apertura comercial aos países membros, analizando tamén a evolución da agricultura galega durante as dúas décadas transcorridas, tanto nas súas variables económicas e de volumes producidos coma nos cambios nas estruturas das explotacións.

O peor comportamento da agricultura galega con respecto á española parece debido a un menor dinamismo para todas as producións, coa única excepción do leite, así como á maior intensidade do axuste ocasionada polo maior grao de avellentamento dos ocupados e tamén pola aplicación dalgunhas políticas comunitarias. Malia as previsións negativas sobre a aplicación das cotas do leite, esta produción logrou duplicar o seu volume grazas aos incrementos acadados na cota e ao maior dinamismo destas explotacións.

A xestión dos fondos estruturais agrarios tivo considerables deficiencias e non acadou avances substanciais na mellora dos déficits estruturais con respecto á xestión das terras agrarias e da integración nas cadeas produtivas, que son dous asuntos de singular importancia que limitan a capacidade competitiva da nosa agricultura.

Palabras clave: Integración europea / Fondos estruturais agrarios / Cotas de leite / Axuste estrutural.

THE INTEGRATION OF THE GALICIAN AGRICULTURE IN THE EUROPEAN UNION

Abstract: There are reviewed the problems derived from the integration of the Galician agriculture into the European Union, such as are the application of the CAP and the structural funds and the opening up to the external trade with the others UE Members, together with the evolution of its agriculture during the last two decades.

The worse results of the Galician in respect to the Spanish agriculture seems to be related to a lower dynamic of the different productions unless the milk, and to a greater intensity in the adjustment derived from a higher ageing as well to the application of some CAP measures. In spite of previous estimates on the negative effect of the milk quota, its production increases due to the augmentation in the quantity of references and to a greater dynamic of these farms.

The management of structural funds have been deficient, with no substantial advances in the improvement of the structural limitations, which affect to the competitive capacity of its agriculture.

Keywords: UE integration / Structural funds / Milk quota / Structural adjustment

1. INTRODUCCIÓN

A agricultura e o medio rural galego tiveron unha intensa e profunda transformación no período dos últimos vinte e cinco anos, cuxos resultados máis evidentes son a desagrarización e a desruralización, entendidas ambas as dúas como a perda de peso relativo da agricultura e da poboación rural no conxunto de Galicia. Estes resultados responden ao efecto conxunto dos cambios operados na economía e na sociedade galegas, no marco institucional, nas novas condicións dos mercados debidas aos avances tecnolóxicos e a un crecente proceso de globalización e de libe-

ración comercial, así como a outros factores máis específicos como son as novas demandas no consumo alimentario.

Neste artigo revísase a problemática derivada da integración na Comunidade Económica Europea que, xunto co desenvolvemento da autonomía, constituíron os dous cambios do marco institucional ocorridos durante este período, sucedéndose ambos os dous cunha diferenza cronolóxica moi pequena. A traxectoria autonómica comezaba no ano 1981 coas primeiras eleccións e coa constitución do Goberno da Xunta de Galicia, que foi exercendo de modo crecente as súas competencias cos traspasos de medios procedentes do Estado durante esa década. A integración na que daquela era a Comunidade Económica Europea –a actual Unión Europea– tiña lugar no ano 1986 e ía desenvolverse ao longo dun período transitorio nos seguintes anos.

Os problemas desta integración sobre a agricultura galega foron, precisamente, obxecto de debate e de confrontación política naqueles anos. Estiveron centrados, en primeiro lugar, nas debilidades estruturais e, posteriormente, nos posibles prexuízos ocasionados pola aplicación das cotas do leite (Díaz, 1981; Colino, 1985).

Agora que xa transcorreron dúas décadas podemos facer unha revisión máis serena dos problemas derivados da adhesión á Unión Europea e da evolución da agricultura galega durante este período.

Este artigo estrutúrase en tres apartados. No primeiro trátanse os efectos da integración coa aplicación da política agraria común, as cotas do leite e a dispoñibilidade dos fondos estruturais, así como do seu impacto no comercio de produtos agroalimentarios. No segundo revísase a evolución da agricultura galega desde a integración, tanto nas súas variables económicas como de volumes, e os cambios nas estruturas das explotacións. No terceiro apartado enfróntanse dous problemas pendentes: a xestión das terras agrarias e a debilidade da integración nas cadeas produtivas.

2. OS EFECTOS DA INTEGRACIÓN NA UNIÓN EUROPEA

A integración na CEE no ano 1986 afectou ao marco económico e institucional no que se desenvolve o sector agrario. Por unha parte, pola ruptura do proteccionismo existente con anterioridade para os produtos alimentarios no mercado español, que se tivo que abrir de modo relativamente rápido aos intercambios comunitarios que eran, ademais, moi competitivos coas principais producións galegas. E por outra, pola obriga da aplicación da política agraria común.

2.1. A APLICACIÓN DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC)

A integración levou á aplicación da *política agraria común* (PAC), que era a máis desenvolvida dentro das comunitarias e que contaba cunha ampla regu-

lación dos mercados agrarios tanto no interior como para os intercambios exteriores.

A PAC fora unha política moi proteccionista ata comezos dos anos oitenta por conter medidas de apoio á estabilización dos mercados, que viñan garantir uns prezos mínimos nas principais producións. A partir deses anos comezou un período de cambios co establecemento de medidas restritivas á produción para facerlles fronte aos elevados excedentes nas principais producións. As medidas máis estritas foron aplicadas no caso do leite por medio das cotas ás que nos referiremos despois de modo máis detallado. Pero os cambios tamén foron afectando a outras producións, sobre todo a partir do ano 1992, reducindo o apoio aos mercados e establecendo como compensación unhas axudas directas. O seu importe foi establecido en función da produción existente, aínda que foi aplicado de modo desigual nas distintas producións co que deu lugar a niveis moi diferentes de apoio.

Precisamente, a menor importancia relativa das producións cun maior nivel de apoio coma os cereais, xunto con criterios inadecuados á nosa situación, como ocorreu no vacún de carne, levou a que o importe das axudas recibidas en Galicia fora baixo. Deste modo, o apoio directo destas axudas na agricultura galega equivalía a un 37% da media española no ano 1999 (García Álvarez-Coque, 2003). Este desfacemento corrixiuse en parte nos últimos anos coas novas axudas percibidas no leite.

2.2. AS COTAS DO LEITE

As cotas do leite foron establecidas no ano 1984, asignándolle a cada Estado —e a continuación a cada gandeiro— unha produción de referencia ou cota que, no caso de ser superada, debía pagar unha sanción ou supertaxa. Era un método estrito de control da produción que saíu adiante fronte a outra alternativa de acadar este control mediante un descenso importante nos prezos, que tería provocado o abandono das explotacións de menor tamaño, incapaces de sobrevivir nesas condicións. As cotas eran, pois, un instrumento de axuste da produción pero, á vez, de protección dos prezos, aos que eran máis sensibles as explotacións menos competitivas.

Deste modo, as cotas podían ser un instrumento aceptable de control da produción a cambio de garantir un maior nivel de prezos para as explotacións que tiñan desenvolvido o seu potencial produtivo.

Pola contra, creaban un problema adicional para o desenvolvemento das explotacións que precisaban aumentar a súa dimensión produtiva para acadar a súa viabilidade económica, que era a situación á que se enfrontaban unha gran parte das explotacións galegas.

As cotas foron motivo dunha forte confrontación nos primeiros anos tras a integración ao ser presentadas por parte do nacionalismo e da dereita coma unha lousa que non ía deixar desenvolver a produción de leite, culpando ao Goberno do Estado dunha mala negociación.

A experiencia destas últimas dúas décadas vén demostrar a esaxeración destas posicións. As cotas inicialmente asignadas a España eran equivalentes ao volume de produción comercializado no ano 1985, o anterior á integración na CEE, ben mediante a súa entrega ás industrias ou ben pola venda directa. Posteriormente, foron ampliadas sobre todo coas reformas da PAC dos anos 1992 e 1999, de modo que a cota inicial de 5.100.000 toneladas se elevou ata unhas 6.100.000 toneladas, ao haber un tratamento especial para España, Italia e Grecia co obxecto de facilitar a mellora das súas estruturas produtivas.

As cotas limitaron o ritmo de crecemento da produción e tamén provocaron outros problemas derivados, como as supertaxas pagadas en tres campañas e investimentos adicionais para adquirilas, sobre todo naquelas explotacións de maior tamaño. Este último foi un problema ligado á política de xestión das cotas seguida en España desde mediados dos anos noventa ata o ano 2005, ao deixarlle unha boa parte das transferencias das cotas a un mercado de dereitos que elevou o seu valor de modo desproporcionado. En absoluto foron a lousa que impedía o desenvolvemento do leite. As cotas do conxunto dos gandeiros galegos duplicáronse desde as 1.100.000 toneladas no ano 1987 ata as 2.160.000 actuais, ganando peso relativo no conxunto da produción española debido ao seu maior dinamismo.

As cotas provocaron tamén unha intensificación no proceso de reestruturación das explotacións cun elevado incremento de tamaño das que permanecían en actividade e cun progresivo abandono das máis pequenas, que na súa base estaba ligado á súa inviabilidade económica debido ao seu limitado tamaño, pero que foi acelerado polos estímulos existentes ao abandono pola venda da súa cota tanto cos programas oficiais de abandono como co mercado.

O debate sobre as cotas prolongouse durante a maior parte dos anos transcorridos absorbendo moitos dos esforzos que deberan estar dirixidos a solucionar os problemas estruturais, en especial a ampliación da superficie das explotacións, que é un asunto que aínda está pendente.

Non deixa de ser sorprendente que as forzas políticas que durante anos estiveron en contra delas reclamen agora a súa continuidade ante as propostas da súa eliminación no medio prazo, e isto non deixa de ser un recoñecemento do seu papel protector e estabilizador nos prezos.

2.3. OS FONDOS ESTRUTURALS AGRARIOS

A integración permitiu tamén participar nos fondos estruturais, que foron reformados e ampliados no ano 1988 dentro dos acordos da *Acta única europea*. A través desa reforma establecíase a súa aplicación preferente nas rexións menos desenvolvidas da Unión Europea mediante uns plans de carácter plurianual.

Dentro dos fondos estruturais había un específico para a agricultura —o FEOGA-Orientación—, que a partir do ano 2005 quedou reconvertido no actual FEADER (Fondo Europeo para a Agricultura e o Desenvolvemento Rural).

O importe dos fondos estruturais para a agricultura foi elevado cuns 2.026 millóns de euros nos orzamentos da Xunta para o período 1986-2007, que equivaleron a case un terzo do total dos fondos estruturais, sendo só superados polos do FEDER.

A contía destes fondos foi máis escasa nos primeiros anos, cuns 41 millóns de euros anuais entre os anos 1986 e 1989, ata que comezaron a ser operativos os programas plurianuais, dispoñendo dun total de 1.496 millóns durante o período dos Gobernos de Fraga, isto é, cunha media duns 107 millóns de euros anuais, e manténdose tamén elevados nos tres primeiros anos do novo Goberno bipartito, cuns 123 millóns de euros anuais (cadro 1).

A contía destes fondos supoñía un notable reforzo na capacidade de investimentos da Xunta e equivalía a un 47% dos capítulos de investimentos e das transferencias de capital na área de agricultura.

Cadro 1.- Importe dos fondos estruturais da Unión Europea nos orzamentos da Xunta, 1986-2007 (en millóns de euros correntes)

	POR PERÍODO	MEDIA ANUAL
1986-89	162,1	40,5
1990-2004	1.495,8	106,9
2005-2007	368,5	122,8
Total	2.026,4	92,1

FONTE: Xunta de Galicia: Orzamentos. Estado de ingresos.

A aplicación destes fondos era decidida pola Xunta nos programas plurianuais dentro dun abano de alternativas de investimentos nas que entraban diversas infraestruturas rurais, a concentración parcelaria, as axudas ás melloras das estruturas produtivas das explotacións ou das industrias e diversos traballos forestais ou programas especiais coma os do cesamento anticipado e a forestación das terras agrarias.

A contía investida en Galicia aínda foi máis elevada, pois habería que engadirlle os cartos que estaban en programas do Estado para o conxunto das comunidades autónomas, sendo a súa contía duns 25-40 millóns de euros adicionais desde comezos dos anos noventa en adiante.

2.4. O COMERCIO AGROALIMENTARIO

A integración trouxo, ademais, a apertura aos intercambios comerciais cos outros países comunitarios, que se realizou de modo progresivo pero nun período transitorio relativamente curto que finalizaba no ano 1992.

Deste modo, a integración deu paso a unhas correntes comerciais crecentes cos países da Unión Europea, fronte a un comercio exterior anteriormente moi reducido polo relativo illamento e polo réxime de comercio de Estado que existía para unha gran parte dos produtos alimentarios. Antes da integración comunitaria tan só había

un comercio activo na adquisición de materias primas para a alimentación animal, sendo importados a maior parte dos cereais e a soia do mercado norteamericano.

O resultado do comercio de Galicia cos países da Unión Europea en produtos de orixe animal ten actualmente un saldo positivo duns 215 millóns de euros, superando lixeiramente o que ten o conxunto de España. O seu saldo exterior é positivo nas tres partidas de comercio de animais e nos produtos lácteos e sobre todo nas carnes, que é responsable de case un 70% dese valor (cadro 2).

Cadro 2.- Saldo exterior do comercio exterior cos países da Unión Europea (UE-25) en produtos de orixe animal en España e en Galicia, 2006 (en millóns de euros)

	ANIMAIIS	LÁCTEOS	CARNES	TOTAL
Galicia	40	25	150	215
España	-132	-722	1.058	204

FONTES: IGE (para Galicia) e Ministerio de Industria (para España).

Pola contra, España ten un importante déficit duns 722 millóns de euros no seu comercio exterior en produtos lácteos, que contrarresta en gran parte o seu elevado superávit en carnes.

3. A EVOLUCIÓN DA AGRICULTURA GALEGA ENTRE OS ANOS 1985 E 2005

Logo de revisar os principais efectos directos da integración, cómpre tratar a evolución da agricultura galega no período posterior, tomando como comparación a do conxunto da agricultura española, que tamén estivo sometida aos mesmos factores de cambio neste tempo.

No período 1985-2005 o peso relativo da agricultura no conxunto da economía galega descendeu do 8,4 ao 2,9% en termos do valor xerado, e moito máis en emprego (do 36,6 ao 7,5%). Este descenso foi considerablemente máis intenso ca o rexistrado no conxunto de España, onde o peso da agricultura era considerablemente menor ao comezo do período (cadro 3).

Houbo unha certa mellora relativa na produtividade por ocupado, xa que de equivaler a menos da cuarta parte da media no ano 1985 aumentou ata situarse preto do 40%, pero esta mellora foi debida na súa totalidade ao elevado descenso no número de ocupados, pois o valor xerado pola agricultura se reduciu en termos reais (cadros 3 e 4). A pesar desta mellora en produtividade, a media galega queda no ano 2005 case un 40% por baixo da agricultura española.

Cadro 3.- Evolución do peso relativo da agricultura nas economías galega e española, 1985-2005 (en % do valor engadido bruto e dos ocupados)

	% AGRICULTURA SOBRE O TOTAL DA ECONOMÍA		% SOBRE A MEDIA DA ECONOMÍA
	VEB	Ocupados	VEB/Ocupados agricultura
GALICIA			
1985	8,4	36,6	22,9
2005	2,9	7,5	38,2
ESPAÑA			
1985	6,1	14,9	40,9
2005	3,0	4,8	61,7

FONTES: BBVA (para o ano 1985) e INE e IGE (para o ano 2005).

O elevado descenso dos ocupados foi o resultado conxunto do avellentamento provocado polo éxodo rural das décadas anteriores, pero tamén en parte polo cambio a outras actividades dos máis novos. Precisamente, un dos problemas existentes de cara ao futuro é o baixo nivel de relevo xeracional e de falta de sucesión en moitas explotacións, xa que só un 10% dos ocupados son menores de 35 anos.

Cadro 4.- Taxas anuais de variación do valor engadido e dos ocupados nas agriculturas galega e española, 1985-2004 (en %)

	VEB	OCUPADOS	VEB/OCUPADOS AGRICULTURA
GALICIA			
1985-2004	-2,1	-7,1	5,4
1985-92	-0,8	-7,0	6,7
1992-2000	-4,9	-6,3	1,5
2000-2004	1,3	-8,7	10,9
ESPAÑA			
1985-2004	0,1	-4,0	4,2
1985-92	0,2	-6,5	7,2
1992-2000	-0,1	-2,8	2,8
2000-2004	0,5	-1,6	2,1

FONTES: MAPA: *Macromagnitudes agrarias* e Consellería de Medio Rural.

Entre os anos 1985 e 2004¹ o valor xerado pola agricultura galega rexistrou unha taxa negativa dun 2,1% anual en termos reais, de tal modo que no ano 2004 o valor xerado era un 33% inferior ao do ano 1985. Este resultado é debido ao efecto conxunto de dous factores: o incremento nos gastos e a deterioración dos prezos dos produtos, que anula o aumento rexistrado nos volumes de produción. A maior parte deste descenso no VEB ocorre na década dos anos noventa, mentres que nos

¹ O ano 2004 é o último ano do que hai información desagregada dispoñible para Galicia.

primeiros anos do período hai un lixeiro descenso e nos últimos unha pequena recuperación (cadro 4).

O elevado descenso en ocupados, que se reduce desde uns 400 mil a uns 90 mil e que equivale a unha taxa dun 7,1% anual, permite que a produtividade aumente a unha taxa dun 5,4% anual, a pesar desa caída no VEB.

Este comportamento foi peor que o do conxunto da agricultura española que, cando menos, logrou manter o seu VEB inicial grazas a un lixeiro incremento no valor da súa produción e á moderación nos seus gastos, pero que tivo, pola contra, un menor incremento da produtividade debido a un menor descenso nos ocupados.

A evolución en volume das principais producións foi moi variable. Nas producións gandeiras o leite creceu a unha taxa dun 1,6% anual, contrastando coa estabilización da súa produción en España, e as carnes de vacún e de aves preto dun 3%, algo por riba das rexistradas en España. Pola contra, o seu comportamento foi inferior no porcino, cun débil crecemento dun 0,9% anual, con respecto ao 5% en España, e nos ovos, que teñen unha forte regresión dun 3,6% na súa produción (cadro 5).

Precisamente, o peor comportamento no conxunto das carnes, cun aumento nestes vinte anos dunhas 130.000 toneladas con respecto ás 2.797.000 de España, reflicten unha das perdas de oportunidades de expansión, sobre todo no porcino, da agricultura galega nestes anos.

Cadro 5.- Evolución das producións gandeiras, 1985-2005 (en miles de toneladas, agás nos ovos en millóns de dúcias e en taxas anuais de variación)

	VACÚN	PORCINO	AVES	LEITE	OVOS
PRODUCCIÓN					
1985	53	86	93	1.645	123
1992	69	64	98	1.845	77
2005	96	102	163	2.258	59
TAV (%) 1985-2005					
Galicia	3,1	0,9	2,9	1,6	-3,6
España	2,9	5,2	2,3	0,2	0,8

FONTES: MAPA e Consellería de Medio Rural.

Algúns dos cultivos agrícolas –coma os cereais e as patacas– tiveron elevados descensos, superiores a un 5% anual. O conxunto das principais hortalizas non aumentaron a súa produción, mentres que en España crecían a unha taxa anual dun 1,6% (cadro 6).

Tan só unha produción agrícola –o viño– aumentou en valor –que non en cantidade– debido á revalorización rexistrada nas zonas de denominación de orixe.

Pola súa parte, a produción de madeira tivo un certo crecemento na súa produción, aínda que foi inferior ao que reflectían as cifras oficiais, que son debidas a un

reaxuste máis estatístico ca real a finais da década dos anos oitenta², estando probablemente para o conxunto do período máis próximo ao 0,9% rexistrado entre os anos 1992 a 2005 (cadro 6).

Cadro 6.- Evolución das producións agrícolas e da madeira, 1985-2005 (en miles de toneladas e en taxas anuais de variación)

	CEREAIS	PATACAS	HORTALIZAS	MADEIRA
PRODUCCIÓN				
1985	537	1.666	241	2.648
1992	395	1.341	247	5.175
2005	190	491	236	5.725
TAV (%) 1985-2005				
Galicia	-5,1	-5,9	-0,1	3,9
España	0,1	-4,1	1,6	0,7

FONTES: MAPA e Consellería de Medio Rural.

Deste modo, a exposición da evolución das producións en volume permitiu comparar as diferentes traxectorias seguidas polas agriculturas galega e española durante estes vinte anos.

O censo agrario realizado uns anos antes da integración –no ano 1982– reflectía as limitacións estruturais existentes na agricultura galega, cun limitado tamaño medio e cunha maioría de pequenas explotacións. As debilidades existentes na estrutura produtiva das explotacións e as súas limitacións para competir no mercado europeo eran, precisamente, os problemas sinalados nos anos previos á integración antes de que as cotas ocuparan a maior parte do debate (Colino Sueiras, 1985; Díaz Díaz, 1981; Pérez Touriño, 1985).

No período 1987-2005, as enquisas sobre estruturas das explotacións reflectían unha caída importante dun 4,9% anual no seu número, aínda que era inferior á rexistrada nos ocupados (-7,5%). O tamaño medio das explotacións segue a ser actualmente moi baixo, aínda que creceu como consecuencia do descenso do seu número, que afectou sobre todo ás máis pequenas, e polo incremento da superficie xestionada por parte das existentes, que foron pasando a estratos de tamaño superiores. A superficie media utilizada por explotación máis que se duplicou, acadando as 8 hectáreas no ano 2005, pero aínda segue sendo moi baixa (cadro 7).

Tan só hai unhas 21 mil explotacións –a cuarta parte das existentes– que superan as 10 hectáreas de superficie utilizada, aínda que concentran case un 70% dela. A transferencia de superficie entre explotacións durante este período foi incompleta, perdéndose unhas 220 mil hectáreas de superficie total, aínda que mellorou moi lixeiramente nunhas 22 mil hectáreas a superficie utilizada en cultivos e pastos.

² Entre os anos 1985 e 1998 a produción de madeira aumentou en 2,15 millóns de toneladas, ao cambiar as estimacións baseadas nos permisos de cortas para a súa utilización pola industria.

O problema do pequeno tamaño das explotacións galegas é sobre todo un problema de baixa utilización da terra dispoñible, pois as explotacións profesionais tan só xestionan 1.113.000 hectáreas, que equivale a só un 38% da superficie galega, sendo este valor aínda máis baixo para as terras en cultivos e pastos que, cunhas 732 mil hectáreas, son só unha cuarta parte de Galicia.

Cadro 7.- Evolución do número e superficie das explotacións (explotacións en miles e superficie total e agrícola utilizada en miles de hectáreas)

	EXPLOTACIÓNS	SUPERFICIE TOTAL	SUPERFICIE AGRÍCOLA UTILIZADA	SUPERFICIE AGRÍCOLA/EXPLOTACIÓN
1987	227	1.330	711	3,1
1993	139	1.148	614	4,4
1999	118	1.154	657	5,6
2005	92	1.113	733	8,0
TAV (%) 1987-2005	-4,9	-1,0	0,2	5,3

FONTE: INE: *Encuestas estruturas explotaciónes.*

A perda no volume da terra utilizada é, precisamente, unha das grandes limitacións estruturais da nosa agricultura, coa contradición de ter actualmente unha superficie utilizada moi inferior á existente na agricultura tradicional. Tal e como reflectía aínda o primeiro censo do ano 1962, a superficie utilizada en cultivos e pastos comprendía daquela 1.570.000 hectáreas, duplicando a actual. A perda e o abandono desta superficie provoca un problema de insuficiente dimensión para as explotacións e constitúe, ademais, a base estrutural dunha maior vulnerabilidade aos incendios.

4. OS PROBLEMAS PENDENTES

Hai dous problemas estruturais pendentes aos que se lles debera ter dedicado unha acción prioritaria dos fondos estruturais da Unión Europea, que foron un complemento moi importante nos anos transcorridos desde a integración, e que van quedar moi reducidos ao rematar o actual período de programación dos fondos 2007-2013. O primeiro destes problemas refírese á mellora da xestión das terras agrarias, e o segundo ás debilidades da inserción económica das cadeas produtivas.

4.1. A MELLORA NA XESTIÓN DAS TERRAS AGRARIAS

Na utilización dos fondos estruturais non se lle dedicou a prioridade debida a este problema. Houbo avances importantes nas axudas aos investimentos para a mellora das explotacións e tamén das industrias agroalimentarias. Pero, pola contra, a súa xestión foi moi deficiente nas accións tendentes a ampliar a superficie das explotacións. Os traballos de concentración parcelaria non incorporaron ningunha

actividade nova para a ampliación da superficie das explotacións e tiveron un ritmo lento de execución. Outras actuacións, como a forestación das terras agrarias ou as de cesamento anticipado da actividade, interferiron ou non estiveron coordinadas para traballar polo obxectivo común de ampliar a dimensión das explotacións.

Tampouco se estableceu ningunha normativa específica de fomento dos arrendamentos rústicos e se careceu, ademais, dun marco legal para o apoio á transferencia de terras en todo o período do Goberno Fraga, aínda que outros grupos presentaran iniciativas lexislativas no Parlamento que non foran tomadas en conta. Por fin, no ano 2007 quedou aprobada unha lei específica dun banco de terras para promover a súa mobilidade e transferencia cara ás explotacións activas.

Esta falta de iniciativas non logrou frear o abandono daquelas explotacións que puideran ter sido viables coa aplicación de medidas axeitadas de mobilidade da terra, e levou a outras a unha elevada intensificación e dependencia en recursos externos como unha vía de acadar a viabilidade económica ante as súas carencias territoriais.

Cómpren varias medidas para mellorar a xestión das terras como, entre outras, promover os arrendamentos e a transferencia de terreos por medio dun fondo público de terras, establecer uns plans xerais de ordenación dos seus usos, delimitar de modo efectivo as terras de uso rústico das urbanizables e cumprir de modo efectivo a lei do solo.

4.2. A INTEGRACIÓN ECONÓMICA DAS CADEAS PRODUTIVAS

Nas últimas décadas os produtos agrarios deixaron de ser produtos do consumo para converterse en materias primas das diversas ramas da industria agroalimentaria e da madeira, que elaboran unha ampla gama de alimentos, de mobles e doutros produtos derivados da madeira, coma o papel. Por iso, a súa competitividade a nivel de consumo depende das sucesivas fases de actividades encadeadas da produción, comercialización e transformación. Un exemplo elocuente desta nova situación é o caso dos viños nas últimas dúas décadas, cando a mellora da súa elaboración e os novos proxectos de adegas impulsaron unha mellora conxunta da súa situación e a súa revalorización.

As limitacións existentes na fase industrial son importantes en varias das nosas producións básicas coma o leite e as carnes. Galicia é líder na produción de leite en España, pero as empresas galegas teñen un peso relativo considerablemente inferior na escala industrial. Achega un 36% do leite, pero o valor engadido polas súas industrias lácteas descende ata unha sexta parte dese valor no conxunto de España. Un caso similar, aínda que as diferenzas sexan máis reducidas entre produción e industria, ocorre tamén nas carnes, que achegan un 7% da produción; pero o valor xerado nas industrias cárnicas descende a un 3,7% do total de España (cadro 8).

As industrias lácteas e cárnicas teñen una posición competitiva limitada pola baixa taxa de xeración de valor en produtos básicos, polo seu reducido tamaño, po-

lo seu baixo nivel de innovación e polo elevado nivel de dependencia en marcas de distribución. Coa única excepción de Coren, non hai ningún grupo galego entre as principais empresas españolas nestas dúas ramas de actividade, que son básicas no noso sector agrario. Máis aínda, na década dos anos noventa perdeuse a dirección de capital galego nas tres principais empresas lácteas, habendo unha posición pasiva por parte da Xunta neses tres casos (Sineiro *et al.*, 2005).

Cadro 8.- Valor relativo das producións de leite e de carnes e do valor xerado e dos ocupados nas industrias lácteas e cárnicas de Galicia en relación con España (en % Galicia sobre España)

	PRODUCCIÓN AGRARIA	INDUSTRIA	
	Valor produción	VEB	Ocupados
Lácteas	35,5	6,6	8,1
Cárnicas	7,0	3,7	4,0

FONTE: IGE: *Contas económicas*, e INE: *Encuesta industrial de empresas*.

Os problemas de escaso desenvolvemento de varias producións como as de horta e froita e mesmo de diversos cultivos, coma os cereais, están en gran medida ligados a carencias na organización das cadeas produtivas, en especial da súa comercialización.

5. CONCLUSIÓNS

O comportamento da agricultura galega no período transcorrido desde a integración na Unión Europea é notablemente inferior ao rexistrado no conxunto da agricultura española, tanto en termos do valor xerado coma nun maior descenso de ocupados. As causas deste comportamento diferencial parecen debidas no eido económico a un menor dinamismo para todas as producións, coa única excepción do leite, e a un maior incremento nos gastos. Pola súa parte, a maior intensidade do axuste pode estar ocasionada polo efecto acumulado do éxodo rural nas anteriores décadas que resultou nun maior grado de avellentamento, pero que tamén estivo afectado polos estímulos provocados pola aplicación dalgunhas políticas comunitarias, como as cotas do leite, que incentivaron o abandono desta produción.

Malia as previsións negativas existentes no tempo da integración sobre a aplicación das cotas do leite, esta produción logrou duplicar o seu volume grazas aos incrementos de cota acadados para o conxunto de España, así como a un maior dinamismo destas explotacións e ao seu notable esforzo investidor na adquisición das cotas.

A xestión dos fondos estruturais agrarios, que tiveron un volume relativamente importante en función da consideración de Galicia como rexión economicamente

atrasada, tivo considerables deficiencias, non acadando avances substanciais na mellora dos déficits estruturais con respecto á xestión das terras agrarias e da integración nas cadeas produtivas, dous asuntos pendentes que son de singular importancia e que limitan a capacidade competitiva da nosa agricultura.

BIBLIOGRAFÍA

- COLINO SUEIRAS, J. (1985): “La integración de la agricultura en la CEE: la competitividad de las producciones ganaderas”, en L. Caramés Viéitez [coord.]: *Galicia ante el Mercado Común*, pp. 65-144.
- GALICIA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL (varios anos): *Anuario de Estatística Agraria*.
- DÍAZ DÍAZ, M.C. (1981): “Problemas estruturais na integración da agricultura galega na CEE”, *Revista Galega de Estudos Agrarios*, 4, pp. 107-122.
- FUNDACION CAIXA GALICIA (varios anos): “Agricultura”, en *A economía galega. Informe anual*.
- GARCÍA ALVÁREZ-COQUE, J.M. (2003): “La agricultura española ante la reforma de la PAC”, *Papeles de Economía Española*, 96, pp. 2-19.
- IGE (2008): *Comercio exterior*. (Disponible en <http://www.ige.eu>).
- INE (varios anos): *Encuestas de estructuras de las explotaciones agrícolas*. Instituto Nacional de Estadística.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN (varios anos): *Anuario Estadístico Agroalimentario*.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO (2008): *Data comex. Estadísticas del comercio exterior*. (Disponible en <http://datacomex.comercio.es/>).
- PÉREZ TOURIÑO, E.(1985): “La PAC y las agriculturas de la CEE. Análisis de las estructuras productivas de Galicia dada la perspectiva de la integración”, en L. Caramés Viéitez [coord.]: *Galicia ante el Mercado Común*, pp. 11-64.
- SINEIRO GARCÍA, F.; GONZÁLEZ LAXE, F.; SANTISO BLANCO, J.A. (2005): *La industria alimentaria en Galicia*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia / Fundación Pedro Barrié de la Maza.